

ACTA DO SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO XULGADO DE PAZ, INCLUÍDA NA OEP DO CONCELLO DE CURTIS DO ANO 2020 PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Sendo as 10:45 horas do día 30 de decembro de 2021, reúnense nas oficinas municipais sitas en Curtis os membros que forman parte do Tribunal Cualificador designado por Resolución da Alcaldía núm. 828/2021 do 03/12/21, para o proceso selectivo para a cobertura, mediante funcionario de carreira, dunha vacante de auxiliar administrativo da unidade do xulgado de paz, incluída na OEP do Concello de Curtis do ano 2020 para estabilización de emprego temporal:

- Presidenta: Marta M^a Roca Souto, responsable de oficina electrónica, persoal laboral fixo da administración local.

- Vogal: Celsa M^a Casas López, técnica persoal laboral fixo da administración local.

- Vogal: Roberto Corral Mouzo, administrativo funcionario de carreira da administración local.

- Vogal: Antonia M^a Regueira Camaniel, auxiliar administrativa, persoal laboral fixo da administración local.

- Secretario: Óscar López Figueroa, administrativo funcionario de carreira da administración local.

Procédese á elaboración do segundo exercicio do proceso selectivo de acordo ao establecido pola base quinta do mesmo, isto é:

“3. A FASE DE OPOSICIÓN constará de dous exercicios, un tipo test e outro de desenvolvemento dun caso práctico, ambos de carácter obrigatorio e eliminatorio, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para os/as aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido.

A proba práctica consistirá do desenvolvemento dun suposto práctico proposto polo tribunal nun tempo máximo de 90 minutos. O exame práctico terá unha puntuación máximo de 30 puntos, tendo que alcanzar 15 para entendela superado.”

Rematada a redacción do exame, procédese a súa impresión.

Únese á presente acta, como anexo I o texto do suposto práctico xunto cos criterios de corrección acordados previamente.

Sendo ás 11:00 horas, procédese ao chamamento dos aspirantes que superaron o primeiro exercicio de acordo ao establecido polas bases, así coma a súa identificación por medio da presentación do DNI.

Realizado o chamamento, constan coma presentados e non presentados os seguintes aspirantes:

DNI	Apelidos e Nome	Asiste
***8008**	Ares Campello, Sandra María	SI
***8453**	Mahía Rilo, María del Carmen	SI
***4237**	Martínez Agrelo, Silvia María	SI
***6868**	Pérez Feal, Yolanda	SI
***3896**	Rodríguez Benlloch, Fernando	SI
***3779**	Saavedra González, José Manuel	SI
***2426**	Tabeayo Taboada, Ana María	SI

Con carácter previo, e unha vez sentados os aspirantes no seu sitio, infórmase da resolución das alegacións presentadas segundo acta do tribunal emitida con data 30/12/21 e publicada convenientemente na páxina web e na sede electrónica municipal aos efectos oportunos, co fin de que os aspirantes teñan coñecemento da modificación das puntuacións establecidas na acta do primeiro exame, antes de dar comezo o desenvolvemento do segundo exercicio.

Tras comunicar aos aspirantes os criterios de desenvolvemento e de avaliación do exercicio, e tras serlles entregados os exames, sendo ás 11:05 horas iniciase o tempo de exame cunha duración de 90 minutos.

O tribunal cualificador, en aras de garantir o anonimato dos aspirantes na corrección do exercicio, acordou repartir entre os aspirantes códigos que deberán poñer no exame, depositando nun sobre pechado os seus datos persoais, o cal será entregado no momento de finalización do exame e só será aberto unha vez corrixidos os exercicios e dispostas as puntuacións.

Finalizado o prazo concedido para a realización do exame (90 minutos), e unha vez que todos os aspirantes entregaron ao Tribunal os seus exames, procédese á corrección dos mesmos de acordo ós criterios de corrección.

Realizada a corrección dos exames, resultan as seguintes puntuacións:

Código	Puntuación
AUXPAZ001	21,00
AUXPAZ002	20,00
AUXPAZ003	3,00
AUXPAZ004	6,00
AUXPAZ005	8,00
AUXPAZ006	19,50
AUXPAZ007	7,00

Unha vez realizada a corrección dos exames, decídese suspender a sesión ata a próxima semana, reuníndose de novo o vindeiro 05/01/22.

Unha vez reunidos de novo o día 05/01/22 ás 10:30 horas nas oficinas municipais sitas en Curtis, procédese a apertura dos sobres que conteñen a identidade dos aspirantes. Así, resultan as seguintes puntuacións:

DNI	Apelidos e Nome	
***8008**	Ares Campello, Sandra María	21,00
***8453**	Mahía Rilo, María del Carmen	20,00
***4237**	Martínez Agrelo, Silvia María	NON APTO
***6868**	Pérez Feal, Yolanda	NON APTO
***3896**	Rodríguez Benlloch, Fernando	NON APTO
***3779**	Saavedra González, José Manuel	19,50
***2426**	Tabeayo Taboada, Ana María	NON APTO

Dado que os candidatos que superaron o segundo exercicio presentaron o Celga, están exentos da realización da proba de galego de conformidade coa base quinta:

“4. PROBA DE GALEGO. Os/as aspirantes que non acrediten posuír o nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba que consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo Tribunal acorde ás características funcionais da vacante convocada.

Os/as aspirantes serán cualificados como apto/a ou non apto/a; quedarán eliminados do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a cualificación de aptos.”

Finalizadas as probas selectivas, resultan as seguintes cualificacións finais dos aspirantes que superaron o proceso selectivo:

DNI	Apelidos e Nome	Concurso	1ª proba	2ª proba	Total
***8453**	Mahía Rilo, María del Carmen	40,00	19,50	20,00	79,50
***3779**	Saavedra González, José Manuel	40,00	15,75	19,50	75,25
***8008**	Ares Campello, Sandra María	6,00	15,00	21,00	42,00

Segundo a cláusula décimo sexta das bases xerais:

“1. Concluído o proceso selectivo, os aspirantes aprobados, cun número que non poderá exceder en ningún caso o de postos convocados, serán nomeados funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, pola Alcaldía, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.”

Polo anterior, propónse o nomeamento coma funcionaria de carreira, na categoría de auxiliar administrativa adscrita ao xulgado de paz a dona María del Carmen Mahía Rilo, con NIF ***8453** , sempre que achegue a documentación requirida na Base Décimo Quinta das Bases Xerais no prazo de 20 días naturais.

Non obstante, ao abeiro da cláusula décimo sétima das bases xerais, propónse a contratación da seguinte listaxe de contratación:

“1. Cos aspirantes que habendo superado o proceso selectivo, non fosen nomeados coma funcionarios de carreira ou coma persoal laboral fixo, confeccionarase unha listaxe de contratación, coa condición de funcionarios interinos ou persoal laboral temporal, para a cobertura de posibles baixas por incapacidade temporal, vacacións, renuncia ou outras continxencias sobrevidas do candidato seleccionado, ou para cubrir outras necesidades que poidan xurdir sempre que concorran algunha das circunstancias descritas nos artigos 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 23 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.”

Orde	DNI	Apelidos e Nome
1º	***3779**	Saavedra González, José Manuel
2º	***8008**	Ares Campello, Sandra María

Ditos resultados serán provisionais, a expensas da formulación das alegacións que estimen oportunas realizar os aspirantes, tanto ao segundo exercicio coma á fase de concurso, a cal atópase aínda en proceso de alegacións.

No caso de non existir alegacións algunha, ditos resultados elevaranse á definitivos.

Sendo as 10:45 horas, levántase a sesión, en Curtis, 05 de xaneiro de 2022.

A presidenta

O secretario

Os vogais